



Espazos sonoros

músicas en espazos de
interese cultural <<<<

Do 2 de setembro ao 15 de outubro de 2017

espazossonoros.org
cultura.gal

XUNTA DE GALICIA

Espazos sonoros

Organiza

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Dirección artística

Belén Bermejo López

Redacción

Andrés Díaz Pazos, Carlos Penela Martín e Belén Bermejo López

Asesoramento lingüístico

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coordinación

Asociación Cultural Silva de Sons

Imaxe, documentación gráfica e comunicación

Sirgo Torcendo

Maquetación

Cátia Leite

Producción técnica

Goyplason

Imprime

Gráficas Garabal, SL

DL: C 1085-2017

Espazos sonoros

O conxunto de actividades e concertos que cada ano nos propón Espazos Sonoros convidanos a vivir a riqueza patrimonial espallada polo conxunto do territorio galego, a través dos sentidos e acompañados da fascinación que a música nos provoca.

Agora que esta iniciativa chega aos dez anos de vida, podemos felicitarnos de que se teña convertido nunha tradición que anima o comezo do outono en Galicia.

Este ciclo naceu como diálogo entre música e patrimonio. Unha década despois, o encontro coa natureza e a descuberta de espazos etnográficos ou antropolóxicos completa unha oferta que constitúe unha porta aberta ao turismo cultural de calidade.

Espazos Sonoros abre os nosos sentidos cunha proposta variada de actividades en igrexas, mosteiros, castelos, muíños... con rutas guiadas, obradoiros e achegamentos á música desde outros puntos de vista... Todo pensado para favorecer a participación dos distintos públicos atraídos tanto polo sorprendente dos contidos coma dos continentes.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Espazos sonoros

Hai dez anos botamos a andar a non demasiado orixinal idea de xuntar música e patrimonio histórico. Pouco sospeitabamos entón que estaríamos aquí, falando do que será esta nova edición, dez anos despois. Moitos foron os escenarios improvisados e moitas as experiencias musicais, estéticas e humanas que tivemos a sorte de vivir ao longo de todos estes anos. Espazos Sonoros naceu con apenas catro ideas moi claras, e foi quen de permanecer leal a elas, evolucionando, á vez, en clara simbiose co aquí e o agora, na procura da harmonía e do intercambio cunha parte imprescindible da súa trama: as xentes que de ano en ano, de espazo en espazo, fostes achegando a vosa presenza, consideración e entusiasmo na construción deste proxecto, humilde no material pero ambicioso no artístico e tamén no humano. Crear, nos tempos que corren, uns espazos non só para o gozo das músicas e das artes, senón tamén para o encontro en avinza e fraternidade cos demais, conscientes da realidade que nos toca vivir, do lugar que ocupamos no mundo e do que podemos achegar desde a perspectiva da globalidade, non é unha evidencia, senón un acerto.

Desde a organización deste festival, como axentes culturais, temos por diante unha enorme tarefa e responsabilidade, que debería continuar ao longo de tempo, sexa connosco ou con outras persoas que retomen estas ideas para continuaren a transformalas, para contribuíren a facernos crecer como sociedade. E vós, querido público dos Espazos Sonoros, sodes, neste proceso, unha parte xa imprescindible.

Encetamos, pois, unha nova edición que intentará aportar un graño de area máis neste labor construtivo, cunha programación que convida novamente a vivir a música desde unha ampla variedade de perspectivas. Unha nova edición que propiciará, sen dúbida, novas e inesquecibles vivencias ao longo do inmensamente rico patrimonio cultural galego. E con esa idea, agardamos con impaciencia estes novos encontros convosco e coa música ao longo dos Espazos Sonoros.

Belén Bermejo
Directora artística do festival Espazos Sonoros



ESPAZOS SONOROS 2017 ...///

SETEMBRO

Sábado 2 de setembro, 20.00 h

Marco e Angela Ambrosini e Eva-Maria Rusche
CONCERTO INAUGURAL

>>>>pág. 10

IGREXA DE SANTA MARÍA DE MEZONZO, VILASANTAR (A CORUÑA)
Coñece o teu patrimonio. Ás 11 h, xornada en Vilasantar

>>>>pág. 34

>>>>pág. 11

Domingo 3 de setembro, 16.30 h

Obradoiro de achegamento á música antiga

>>>>pág. 12

MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE SOBRADO, SOBRADO DOS MONXES (A CORUÑA)
Coñece o teu patrimonio. Ás 15.30 h, visita guiada

>>>>pág. 36

>>>>pág. 13

Sábado 9 de setembro, 20.00 h

Favola d'Argo

>>>>pág. 14

IGREXA DE SANTA MARIÑA DE SELA, ARBO (PONTEVEDRA)

>>>>pág. 38

Coñece o teu patrimonio. Ás 15 h, ruta pola contorna de Santa Mariña de Sela

>>>>pág. 15

Sábado 16 de setembro, 19.00 h

Xavier Díaz-Latorre

>>>>pág. 16

MOSTEIRO DE MONTEDERRAMO, MONTEDERRAMO (OURENSE)

>>>>pág. 40

Coñece o teu patrimonio. Ás 12.30 h, ruta do Bidueiral de Gabín

>>>>pág. 17

Domingo 17 de setembro, 19.00 h

Samuel Diz

>>>>pág. 18

CASTELO DE PAMBRE, PALAS DE REI (LUGO)

>>>>pág. 42

Coñece o teu patrimonio. Ás 17.30 h, visita guiada

>>>>pág. 19

ESPAZOS SONOROS 2017 ...///

Sábado 23 de setembro, 19.00 h

Xesús Vaamonde e Xosé Lois Romero

>>>>pág. 20

OS FORNOS DA PONTENOVA, A PONTENOVA (LUGO)

>>>>pág. 44

Coñece o teu patrimonio. Ás 12 h, ruta do antigo ferrocarril

>>>>pág. 21

Sábado 30 de setembro, 20.00 h

Manseliña

>>>>pág. 22

IGREXA DE SANTA MARÍA DE GODOS, CALDAS DE REIS (PONTEVEDRA)

>>>>pág. 46

Coñece o teu patrimonio. Ás 17 h, visita ao obradoiro de campás Ocampo

>>>>pág. 23

OUTUBRO

Sábado 7 de outubro, 17.30 h

Estrea de Parábase, de Pablo Seoane

>>>>pág. 24

IGREXA DE SAN SALVADOR, LOURENZÁ (LUGO)

>>>>pág. 48

Coñece o teu patrimonio. Ás 10.45 h, roldas pola paisaxe organística galega

>>>>pág. 25

Mércores 11 de outubro, 20.30 h

Alejo Amoedo e Susana de Lorenzo

>>>>pág. 28

LICEO DE OURENSE (OURENSE)

>>>>pág. 50

Coñece o teu patrimonio. Ás 19 h, visita guiada polo Arquivo Histórico

>>>>pág. 29

Provincial de Ourense

Domingo 15 de outubro, 20.00 h

Austrian Baroque Company

>>>>pág. 30

CLAUSURA

IGREXA DE SANTA MARÍA, BAIONA (PONTEVEDRA)

>>>>pág. 52

COMO CHEGAR:

Para coñeceres a localización de cada un dos espazos, busca en Googlemaps o mapa de Espazos Sonoros 2017.

DEBES TER EN CONTA:

Os concertos son de balde e a entrada libre, ata completar a capacidade.

Nas actividades con prazas limitadas sinaladas no catálogo, é imprescindible a inscrición previa nas datas establecidas a través do enderezo electrónico actividades@espazossonoros.org.

Cada persoa poderá facer un máximo de catro reservas.

Para a reserva deberase achegar o nome completo de cada unha das persoas participantes, así como un teléfono de contacto.

O día da actividade deberase presentar o código de referencia da reserva recibida por correo electrónico coa confirmación da inscrición.

Os menores de 18 anos deberán ir acompañados por un adulto maior de idade que se faga responsable del ou dela para todos os efectos.

Información detallada en www.espazossonoros.org.

Espazos sonoros

Programa... 2017 >>

www.espazossonoros.org

Marco e Angela Ambrosini e Eva-Maria Rusche ...///

Igrexa de Santa María de Mezonzo, Vilasantar (A Coruña)

Sábado 2 de setembro >> 20.00 h

CONCERTO INAUGURAL

FANTASIE, RECERCARE, CANZONI E FOLLIE DEL BAROCCO

Eva-Maria Rusche, clave
Angela Ambrosini, viola de claves soprano
Marco Ambrosini, viola de claves contralto

Grandes mestres como Uccellini, Frescobaldi ou Scheidemann, autores barrocos menos coñecidos como Ariosti, *grounds* de Dowland, e autores anónimos do 1600 integran un programa inaugural no que conviven músicas de compositores italianos, españois, centroeuropeos e ingleses, e no que terá

presenza tamén a tradición escandinava, a través dun instrumento, a viola de claves, que sobreviviu nas culturas nórdicas desde a Idade Media ata os nosos días.

Unha homenaxe á fantasía dos músicos dunha época, o Barroco, rica en invencións, experimentos e innovacións, da man de tres virtuosas personalidades: Marco Ambrosini, pioneiro na recuperación e renovador dos repertorios para a viola de claves, instrumento tradicional escandinavo coñecido tamén como *nyckelharpa*; a talentosa e nova promesa Angela Ambrosini e a organista e clavecinista integrante do grupo Supernosus, Eva-Maria Rusche.

marcoambrosini.jimdo.com



>> Xornada en Vilasantar: Ruta dos Muíños do río Gándaras e obradoiros de agricultura ecolóxica

Vilasantar (A Coruña)

Sábado 2 de setembro >> 11.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

A xornada comezará pola mañá cun percorrido circular pola Ruta dos Muíños. A ruta comeza na ponte do Sapo, á que chegaremos a pé, logo de vir camiñando desde a igrexa de Santa María de Mezonzo. Desde aí seguiremos o curso do río Cabalar, un afluente do Tambre, e pasaremos a carón do muíño da ponte do Sapo, do que aínda se conserva unha casa vivenda e un serradoiro que era unha fábrica de paus para os zocos. Continuaremos polo camiño ata o punto onde conflúen as augas do río Cabalar coas do Tambre, pegados á canle que conduce ata unha minicentral eléctrica. O camiño continúa por unha senda á marxe dereita do río Gándaras ata o muíño das Cernadas, pasa a carón dunha ferverza cun envolvente murmurio de augas e desvíase ata outro dos puntos emblemáticos da ruta, o batán de Mezonzo, actualmente restaurado e que forma, coa ferverza e co muíño, un complexo etnográfico dunha beleza paisaxística e natural inigualable.

Pola tarde, logo do xantar, visitaremos a granxa ecolóxica Millo e Landras para participarmos da experiencia da elaboración de queixo do país artesán.

Programa da xornada

Mañá: saída ás 11 h da igrexa de Santa María de Mezonzo e percorrido pola Ruta dos Muíños do río Gándaras.

Ás 14 h, volta á igrexa de Mezonzo e xantar conxunto (prezo 12 euros) no campo da feira, con produtos da horta e da granxa ecolóxica Millo e Landras.

Tarde: ás 16 h, obradoiro para a elaboración de queixo artesán e visita ás instalacións da granxa Millo e Landras, con explicacións sobre os rudimentos da agricultura ecolóxica.

Ás 20 h, concerto na igrexa de Santa María de Mezonzo.

Hora e lugar de encontro: 11 h, na igrexa de Santa María de Mezonzo

Duración: 2 horas e media aprox.

Distancia: 12 km

Dificultade: media (a maior parte do camiño vai pegado ao río)

Capacidade máxima: 50 persoas

Inscrición: do 19 ao 30 de agosto, en

actividades@espazossonoros.org

Prezo do xantar: 12 euros, inclúe tamén os produtos necesarios para a elaboración do queixo

Non esquezas:

- _Calzado cómodo para camiñar
- _Unha gorra para o sol
- _Un impermeable por se chove
- _Auga, chocolate e unha mazá para o camiño

>> Obradoiro de achegamento á música antiga

Mosteiro de Santa María de Sobrado, Sobrado dos Monxes (A Coruña)

Domingo 3 de setembro >> 16.30 h

OUTRAS ACTIVIDADES

DA IMPRENTA AO SALÓN: A DANZA NO RENACEMENTO

Pablo Ruibal, viola de gamba baixo

Eva-Maria Rusche, clave

Angela Ambrosini, viola de chaves soprano

Marco Ambrosini, viola de chaves contralto

Victor Blanco, danza

Modera, **Andrés Díaz**

O noso espazo de achegamento á música antiga lévanos, desta volta, ao mundo da danza histórica. O punto de referencia será o rico panorama musical que arrinca co século XVI, coa aplicación da imprenta de tipos móbiles á música, un contexto que axudará a difundir a danza máis alá dos ambientes das cortes reais. Importantes editores musicais, sobre todo en Francia e Italia, contrataron músicos profesionais co fin de facer arranxos de pezas para convertelas en danzas, de maneira que unha música de gran calidade penetrou no tecido da burguesía europea, ata o de entón e na súa maioría mera espectadora das espléndidas celebracións musicais relixiosas e reais. A partir de agora, tamén os músicos amadores, xunto coas súas familias e amigos, poderán gozar nas súas casas da música de danza.

E con esta intención de recrear o momento histórico de expansión da danza que propiciou o emprego da

imprenta para a edición de música, xuntáremonos no mosteiro de Sobrado para vivir unha tarde de músicas e danzas antigas. A través da proxección de imaxes, gozaremos da contemplación de facsímiles dalgunhas das máis destacadas edicións de música de danza da época e de representacións pictóricas e gravados debidamente contextualizados. Naturalmente, haberá lugar para a música ao vivo, coa interpretación de diferentes tipos de danzas da época, pavanas, gallardas ou *courantes*. Como elemento esencial da tarde e deste obradoiro montarase, coa participación activa do público, unha coreografía sinxela coa que experimentar as mesmas sensacións e emocións que divertiron as mulleres e os homes do século XVI.

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscrición: do 19 ao 30 de agosto, en actividades@espazossonoros.org

Público: para todos os públicos

>> Visita guiada polo mosteiro de Sobrado dos Monxes

Sobrado dos Monxes (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 3 de setembro >> 15.30 h

Para as persoas participantes no obradoiro de achegamento á música antiga está prevista, con anterioridade ao comezo da sesión, unha visita guiada polo mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes. Nela, poderemos percorrer os seus claustros —o Procesional ou dos Medallóns e o da Hospedería ou dos Peregrinos—, a igrexa barroca coa súa profusa decoración en pedra, as súas capelas e a sancristía, a antiga cociña abovedada e presidida por unha gran cheminea e a sala capitular, na que terá lugar o propio obradoiro.

Hora: 15.30 h

Inscrición: actividade exclusiva para as persoas participantes no obradoiro de achegamento á música antiga (non é preciso inscribirse á parte)

>>> “Un bal à la cour d’Henri III”, anónimo, Musée du Louvre (París)



Favola d'Argo ...///

Igrexa de Santa Mariña de Sela, Arbo (Pontevedra)

Sábado 9 de setembro >> 20.00 h

LAGRIME TUTTE CARE

CANTATE A VOCE SOLA E OBRAS PARA CLAVE OU
ARPA DO PRIMO SEICENTO ITALIANO

Rosana Orsini, soprano

Manuel Vilas, arpa barroca italiana

Marco Brescia, clave italiano

Giovanni Felice Sances (Roma, 1600 - Viena, 1679) foi un compositor e cantante de gran prestixio no seu momento. Desde 1636, traballou ao servizo da corte austríaca; primeiramente como tenor e, posteriormente, como mestre da capela imperial. O programa propón un achegamento á obra dunha figura máxima da cantata italiana do *Primo Seicento*, a través da interpretación, historicamente informada, dalgunhas das súas obras máis emblemáticas escritas para voz soa, con acompañamento de continuo, ademais de obras para arpa ou clave doutros nomes imprescindibles do primeiro Barroco italiano, como Frescobaldi ou Tarquinio Merula.

O ensemble Favola d'Argo, con sede na cidade do Porto, está formado por músicos procedentes de Portugal, España e Italia, especializados na interpretación histórica de música antiga e formados nalgúns dos máis importantes centros de ensino europeos. Todos eles conflúen neste proxecto conxunto arredor do repertorio musical e artístico iberoitaliano, con es-



pecial atención á música de orixe napolitana. O nome Favola d'Argo inspírase na mítica viaxe que fixeron os argonautas a bordo da nave Argo, na que tamén viaxaba Orfeo, quen cadenciaba os remos facendo valer o don da música para disuadir os navegantes de seren seducidos polo canto das sereas. Neste proxecto, o grupo conta coa colaboración do arpista galego Manuel Vilas.

favoladargo.com

>> Ruta pola contorna de Santa Mariña de Sela

Arbo (Pontevedra)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 9 de setembro >> 15.00 h



A ruta comeza no lugar de Sela e descende cara ao río ata a praia fluvial. Alí atoparemos interesantes elementos, coma un manancial de augas mineromedicinais que, a comezos do século XX, eran envasadas e vendidas en farmacias e droguerías, e que foran analizadas polo doutor Gil Casares, catedrático de Medicina da Universidade de Santiago. Tamén podemos atopar, a unha e outra marxe do Miño, numerosas pesqueiras de lamprea. A ruta transcorre por unha paisaxe etnográfica e natural con moita

habenza e fermosura e caracterizada polas videiras, produtoras do viño do Condado. Seguimos a través do antigo carreiro dos pescadores, á beira do río, para subir logo á veciña parroquia de San Xoán de Barcela e ao lugar da Torre e, finalmente, volvemos ao punto de saída.

Xa de volta na igrexa e antes do concerto do grupo Favola d'Argo, teremos oportunidade de ver as recentemente restauradas pinturas murais da igrexa, que serán comentadas por persoas expertas e participantes da iniciativa promovida pola veciñanza de Sela para a súa restauración.

Hora e lugar de encontro: 15 h, na igrexa de Santa Mariña de Sela

Duración: 2 horas e media aprox.

Distancia: 10 km

Dificultade: media

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscrición: do 26 de agosto ao 6 de setembro, en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _ Calzado cómodo para camiñar
- _ Unha botella de auga
- _ Unha gorra para o sol
- _ Un impermeable por se chove
- _ Chocolate e unha mazá para o camiño

Sábado 16 de setembro >> 19.00 h

A GUITARRA E OS SEUS CAMIÑOS

Xavier Díaz-Latorre, guitarra medieval, renacentista, barroca e viola de man

O guitarrista catalán Xavier Díaz-Latorre presenta en concerto un programa que fai un percorrido pola historia da música, desde a Idade Media ata o Barroco, no que mostra a evolución dun instrumento —a guitarra— desde as súas formas máis arcaicas, a guitarra medieval e renacentista, pasando pola viola de man, ata chegar á guitarra barroca.

Xavier Díaz-Latorre é un dos máis nomeados intérpretes especializado en instrumentos antigos de corda pulsada. Presente nos festivais internacionais máis importantes de Europa, Estados Unidos, América do Sur e Asia, forma parte de prestixiosas formacións como Hesperion XXI ou Le Concert de Nations, que dirixe Jordi Savall, e leva a cabo unha intensa actividade dentro do mundo da ópera barroca. Ofrece, ademais, numerosas actuacións como solista, co seu grupo Laberintos Ingeniosos, especializado na música do Século de Ouro español e a dúo co percusionista Pedro Esteban.



xavierdiazlatorre.com

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 16 de setembro >> 12.30 h

O espazo natural do Bidueiral de Montederramo está situado entre a Ribeira Sacra e o macizo central de Queixa-Manzaneda. Trátase dun conxunto boscoso dunha grande importancia ecolóxica, integrado na Rede Natura 2000. É un dos bosques de bidueiros con vexetación eurosiberiana que se atopa máis ao sur de Europa. O percorrido iníciase no Campo do Casar, inténase no bidueiral e transcorre por unha das máis vizosas e espectaculares fragas de Galicia, con abondosas mostras de especies autóctonas coma bidueiros, carballos, acivros, abeleiras, cancereixos, arandeiras, e unha variada fauna de corzos, xabarís, lebres, aguias, mouchos e azores, entre outras especies.

Para achegarse ao punto de saída, haberá que dirixirse primeiro á localidade da Mogaínza, do concello de Montederramo, e logo tomar unha pista de terra ata o Campo do Casar. De tipo circular, o percorrido devolveranos ao punto de saída para volver á vila de Montederramo e participar, antes do concerto, nunha visita guiada polas dependencias do mosteiro.

Hora e lugar de encontro: 12.30 h, no Campo do Casar

Duración: 3 horas e media aprox. (con parada para tomar un pequeno refrixerio)

Distancia: 9,4 km aprox.

Dificultade: media

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscrición: do 2 ao 13 de setembro, en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _Calzado cómodo para camiñar
- _Unha gorra para o sol
- _Un impermeable por se chove
- _Un pequeno refrixerio e bebida para o xantar
- _Auga, chocolate e unha mazá para o camiño

Domingo 17 de setembro >> 19.00 h

PASEANDO DOÑA SILVANA

A GUITARRA NA GALICIA CONTEMPORÁNEA

Samuel Diz, guitarra clásica

*Paseando doña Silvana polo corredor arriba,
tocando nunha guitarra cousa que ela ben sabía [...].*

Así documenta un romance, recollido no primeiro terzo do século XX polo musicólogo lucense Jesús Bal y Gay a poucos quilómetros de Palas de Rei, a presenza da guitarra na tradición popular galega, mención que inspiraría a única partitura para guitarra deste autor, unha pastoral de estética neoclásica dedicada a Regino Sainz de la Maza, guitarrista que percorrera xa daquela os escenarios de Galicia.

Con este pretexto, o guitarrista Samuel Diz ofrece un recital no que se traza, cun afán divulgativo, un percorrido histórico pola presenza da guitarra en Galicia, a través dunha escolla de obras compostas orixinariamente para este instrumento que nos permite emprender un frutífero diálogo entre o popular e o erudito, presente de forma continua na música para guitarra do século XX. Obras do descoñecido José Chas, de Jesús Bal y Gay, de Frederic Mompou ou

do autor contemporáneo Saúl Chapela, entre outros, integran un programa de músicas que terán como pano de fondo o lendario castelo de Pambre, nas terras da Ulloa.

Samuel Diz é guitarrista e investigador e un brillante concertista que ten actuado en diferentes países dos continentes europeo, americano e africano. Establecido en Galicia desde hai anos, Samuel Diz é un músico comprometido coa recuperación do patrimonio musical galego, traballo que centra na tarefa de rescatar a descoñecida identidade e a presenza da guitarra no noso país, tema que enlaza directamente cos contidos do concerto de hoxe.

samueldiz.com

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 17 de setembro >> 17.30 h



Nunha fin de semana dedicada á música para guitarra a través da súa evolución histórica, poderemos gozar, na tarde do domingo e previamente ao concerto do guitarrista Samuel Diz, dunha visita polo lendario castelo de Pambre, testemuña dos convulsos episodios que protagonizou a nobreza galega durante o século XV.

Na visita, teremos a oportunidade de percorrer os diferentes elementos e espazos dun dos máximos expoñentes da arquitectura civil medieval galega: a muralla, a torre da homenaxe, o hórreo, a capela e, ademais, o centro de interpretación; todos eles recentemente rehabilitados e abertos ao público.

Hora: 17.30 h

Inscripción: non é preciso inscribirse

Xesús Vaamonde e Xosé Lois Romero ...///

Os fornos da Pontenova, A Pontenova (Lugo)

Sábado 23 de setembro >> 19.00 h

OS INSTRUMENTOS POPULARES GALEGOS

Xesús Vaamonde, gaitas, zanfona, instrumentos de vento, percusión e voz

Xosé Lois Romero, acordeón, instrumentos de percusión e voz

Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero preséntannos unha completa viaxe a través das ferramentas da tradición musical de Galicia: os instrumentos populares galegos. A longa traxectoria destes músicos arredor do folclore, como fundadores ou colaboradores de grupos como Leliadoura, Luvas Verdes, o Grupo Tradicional da Agadic, Vaamonde, Lamas & Romero, Nova Galega de Danza, Xacarandaina ou Alivoria, e a súa condición de multiinstrumentistas permítilles ofrecer un variado repertorio de músicas

nun ameno concerto a dúo, no que interpretarán pezas do repertorio tradicional galego, nas que alternan e combinan con virtuosismo e mestría un instrumento melódico e outro de percusión.

Entre os instrumentos que poderemos descubrir durante o concerto, están distintos tipos de gaitas, unha zanfona, un acordeón, requintas e frautas, ocarinas e asubíos, así como unha gran variedade de percusións, como o bombo, pandeireta, pandeira, pandeiro, lata, tixola, tarrañolas ou charrasco. Ademais, amosarase como evolucionaron estes instrumentos ao longo do tempo, principalmente nestes últimos anos, tanto na súa construción coma nos seus usos e posibilidades.



>> Ruta do antigo ferrocarril e visita guiada polos fornos da Pontenova

A Pontenova (Lugo)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 23 de setembro >> 12.00 h

A ruta percorre once dos trinta e catro quilómetros da liña férrea que unía as minas de Vilaoudriz co porto de Ribadeo, liña a través da que se transportaba o mineral extraído naquelas minas para a súa comercialización. Transcorre desde a antiga estación da Pontenova, e á beira do río Eo, por unha fermosa paisaxe de ribeira, que forma parte da reserva da biosfera do río Eo, Oscos e Terras de Burón, ata internarse en Asturias e rematar en San Tirso de Abres. Ao longo dela, trávesanse diferentes túneles, coma o do Carriceiro, Piago Longo ou o da Central, e unha ponte colgante. Pasa tamén a carón dunha antiga central hidroeléctrica e dunha presa na que aínda se pode ver unha construción para a escala do salmón.

De volta na Pontenova, visitaremos os antigos fornos para a calcinación do mineral de ferro que, precisamente, servirán de escenario para o concerto de Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde.

Hora e lugar de encontro: 12.00 h, nas piscinas municipais da Pontenova

Duración: 5 horas aprox.

Distancia: 22 km aprox.

Dificultade: media

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscripción: do 9 ao 20 de setembro, en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _ Calzado cómodo para camiñar
- _ Unha lanterna
- _ Unha gorra para o sol
- _ Un impermeable por se chove
- _ Un pequeno refrixerio e bebida para o xantar
- _ Auga, chocolate e unha mazá para o camiño

Manseliña ...///

Igrexa de Santa María de Godos, Caldas de Reis (Pontevedra)

Sábado 30 de setembro >> 20.00 h

SEDÍA LA FREMOSA

VESTIXIOS DA LÍRICA MEDIEVAL GALEGO-
PORTUGUESA NA TRADICIÓN ORAL GALEGA

María Giménez, voz, fídula oval, pandeiro
Valentín Novio, laúde medieval
Pablo Carpintero, instrumentos de vento e
percusións do seu obradoiro tradicional

Manseliña toma o seu nome dun poema de Estevan Coelho, xogar portugués do s. XIII, no que se atopa unha das poucas e ambíguas referencias á interpretación vocal da música medieval. O grupo, formado por experimentados músicos procedentes do mundo da música antiga e da música tradicional, como María Giménez, Pablo Carpintero ou Valentín Novio,

nace co obxectivo de revisar as cantigas medievais galego-portuguesas de Martin Codax ou Afonso X, fusionándoas con exemplos de música tradicional do noroeste da Península que, por temática, melodía ou recursos poéticos, conservan vestixios desta época, movidos pola intuición de que ambas as músicas teñen unha orixe común.

Co afán de xuntar a tradición viva e a lírica medieval, Manseliña combina a voz e réplicas de instrumentos do Pórtico da Gloria e do pazo de Xelmírez con instrumentos tradicionais galegos, cos que procura un pousado e sutil acompañamento.



>> Visita ao obradoiro de fundición de campás Ocampo

Caldas de Reis (Pontevedra)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 30 de setembro >> 17.00 h



Situado na localidade de Arcos da Condesa, no concello de Caldas de Reis, na vizosa comarca da Mahía, existe un taller de fundición de campás, único en Galicia e un dos últimos que quedan na Península Ibérica. Desde a súa creación, hai catro séculos, este taller traballa seguindo o mesmo método artesanal que empregaron os seus antepasados. A actividade deste obradoiro de fundición remóntase ao ano 1630 e, durante xeracións, abasteceu de campás as igrexas galegas (entre elas, as famosas campás de Bastavales) e tamén de fóra de Galicia. Os traballadores deste obradoiro son depositarios dos segredos dunha industria artesanal que segue a subsistir nun contexto constantemente ameazado pola produción industrial en serie.

Na visita ao obradoiro da familia Ocampo, teremos a oportunidade de coñecer moi de preto este oficio e tamén o ancestral método empregado na fundición de campás; é dicir, a elaboración dos moldes de barro reforzado con estopa e arame, o recheo coa aliaxe de bronce, a cocción no forno de leña de tiro natural e a afinación do molde.

Hora: 17.00 h

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscripción: do 16 ao 27 de setembro, en
actividades@espazossonoros.org

Sábado 7 de outubro >> 17.30 h

PARÁBASE

PEZA EN SETE PARTES PARA OS ÓRGANOS DE LOURENZÁ

Pablo Seoane, órgano da Epístola
Saúl Puga, órgano do Evanxeo

Jonathan Swift dicía que a sátira é un espello onde un mesmo recoñece a todo o mundo menos a un mesmo. A música sería entón o espello estritamente oposto, pois nela cadaquén recoñécese só a si mesmo de xeito intransferible. O problema é que, ao mesmo tempo, sabemos que calquera música é reflexo tamén dos outros, un reflexo que intuimos tan lexítimo coma o noso. Espello, pois, de xente. Pero reflexo de que? “Parábase” é unha peza en sete partes que atende ao curso desas relacións especulares e á converxencia dos xestos asimétricos, una especie de construción antifonal sobre a dificultade de concibir calquera identidade.

Foi creada especificamente por Pablo Seoane para Espazos Sonoros e para os órganos da igrexa de San Salvador de Lourenz. “Parábase” está directamente inspirada na natureza xemelga dos instrumentos nos que será interpretada: dous exemplares únicos dentro da paisaxe organística galega que soarán conxuntamente, por vez primeira en moito



tempo, nunha singular experiencia sonora. A obra, que porá punto final á sexta xornada de roldas pola paisaxe organística galega, tenta explorar os recursos e as potencialidades expresivas destes dous instrumentos nos que aínda é posible apreciar a beleza, a nobreza e o porte do seu son, a pesar da inevitable pátina que neles deixou o paso do tempo.

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 7 de outubro >> 10.45 h

A PAISAXE ORGANÍSTICA DO CAMIÑO DO NORTE

A sexta das roldas pola paisaxe organística galega conduciranos, desta volta, a través do Camiño de Santiago do Norte, declarado ben integrante da lista do patrimonio mundial da Unesco en 2005, con paradas en Vilalba, Mondoñedo e Lourenz. Ao longo do traxecto, atoparemos exemplares de órganos diferentes en canto a estilo e época en diverso estado de conservación. A primeira parada será no órgano da igrexa parroquial de Santa María de Vilalba, un interesante órgano romántico de 1914, da casa Alberdi. A segunda parada será na catedral de Mondoñedo para apreciarmos os dous impresionantes órganos barrocos; cómpre sinalar que un deles se segue empregando na liturxia da igrexa, aínda que moi modificado en canto ao seu mecanismo, xa que foi electrificado. A terceira e a última parada terá lugar na igrexa do antigo mosteiro de San Salvador de Lourenz, onde se atopan dous dos máis interesantes órganos da paisaxe organística galega, os dous únicos órganos xemelgos galegos que conservan case todo o seu material orixinal e que foron construídos entre 1762 e 1765 por organeiros galegos.

A medida que imos aprendendo máis sobre a historia dos nosos órganos, a ruta de entrada e de saída de Galicia que chamamos Camiño do Norte e mais as igrexas que nela se atopan van cobrando un protagonismo sobranceiro. Por el circularon no pasado organistas e organeiros, procedentes de Compostela ou de camiño a ela, para desenvolveren a súa actividade profesional. Os principais templos onde centraron a súa actividade foron dous importantes mosteiros, o bieito de Vilanova de Lourenz e o cisterciense de Sobrado dos Monxes e, naturalmente, a catedral de Mondoñedo. Pero hai que mencionar tamén outros mosteiros masculinos e femininos en vilas como a propia Mondoñedo, Ribadeo ou a próxima de Viveiro.

Na catedral de Mondoñedo, temos datos da existencia dun organista de nome Juan Engrés, que exerceu o seu oficio entre 1400 e 1422; feito que parece indicar a presenza dun instrumento nesas datas, e probablemente xa moito antes. No século XVI, o organeiro veciño de Vigo, Pedro Martínez de Montenegro, fará un órgano novo para o convento das clarisas de Ribadeo e, no ano 1574 e moi pouco antes, en 1564, Juan de Escobar fixera algúns

arranxos no órgano da colexiata. A mediados do século XVI, Rodrigo Ferrán aparece como afinador dos órganos da catedral mindoniense; nela, desde ese século, podemos facer unha lista practicamente ininterrompida dos seus organistas ata o século XX, comezando por Alonso Carbajal no ano 1549. Máis tardías son as noticias que temos sobre a presenza do órgano en Vilanova de Lourenzá. Porén, o primeiro dato, que corresponde á construción en 1638 dun pequeno órgano realexo por Baltasar Machado (organeiro da catedral de Santiago), infórmanos de que xa daquela había un órgano na súa igrexa. É moi posible que este instrumento tivese a súa orixe no século anterior. O século XVIII verá florecer unha actividade construtiva de gran relevancia na zona, coa construción, entre 1714 e 1715, dos dous órganos en caixas xemelgas da catedral de Mondoñedo, obra de Manuel de la Viña. Medio século despois, construíronse outros dous órganos, tamén en caixas xemelgas, no mosteiro de Vilanova de Lourenzá, obra do artífice compostelán Alberto de la Peña. Estes dous instrumentos, practicamente no seu estado orixinal, son dúas verdadeiras alfaías do patrimonio musical de Galicia.

Completa a rolda pola paisaxe dos órganos no Ca-

miño do Norte o órgano da vila de Vilalba, un dos escasos órganos pertencentes a unha igrexa parroquial existentes en Galicia, coa excepción dos das principais cidades. Datado en 1911, encádrase xa dentro do estilo do órgano romántico.

Finalmente, e aínda que a rolda non pasará por Sobrado dos Monxes, teremos alí outra das actividades do festival, polo que é preciso facer unha pequena mención ao órgano, hoxe desaparecido, que houbo na igrexa do mosteiro. Malia que a día de hoxe non temos ningunha información sobre este, é indiscutible a presenza dun instrumento dada a relevancia do mosteiro e, por tanto, a necesidade de ter un para o acompañamento da liturxia. No coro alto no lado do evanxeo, aínda se aprecian pegadas que permiten deducir a súa localización orixinal. Ademais, indagacións recentes nun libro de profesións de novizos conservado no Arquivo Histórico Nacional revelan que algúns dos novizos se preparaban para o oficio de organista, como é o caso de frei Justino García, natural de Santiago, que exerce como tal en 1740, do que se deduce que nese momento existía, polo menos, un instrumento no mosteiro.

A xornada rematará cunha pequena preparación para a escoita da obra, que será estreada no transcurso do concerto posterior, composta por Pablo Seoane e que será interpretada por Seoane e Saúl Puga. Unha amena charla na que o público terá a oportunidade de aprender máis sobre os fundamentos básicos da organería coa montaxe dun pequeno órgano didáctico, obra do construtor Herbert Kuen.

Programa da visita:

10.45 h Xuntanza na igrexa de Santa María de Vilalba, charla contextualizadora e visita ao órgano
11.30 h Saída cara a Mondoñedo
12.00 h Chegada a Mondoñedo e visita aos órganos
13.00 h Chegada a Lourenzá e visita aos órganos
14.00 h Xantar libre
16.30 h Xuntanza na igrexa de San Salvador, pequena charla introdutoria ao concerto e montaxe dun órgano didáctico
17.30 h Concerto de Pablo Seoane

Capacidade máxima: 60 persoas

Hora e lugar de encontro: ás 10.45 h, na igrexa parroquial de Santa María de Vilalba

Inscrición: do 23 de setembro ao 4 de outubro, en actividades@espazossonoros.org



Alejo Amoedo e Susana de Lorenzo ...///

Liceo de Ourense (Ourense)

Mércores 11 de outubro >> 20.30 h

DO MINUET DA PRINCESA Á ALBORADA
PREGOS MANUSCRITOS AO GUSTO DO PÚBLICO
BURGUÉS

Susana de Lorenzo, canto
Alejo Amoedo, piano
Abraham Cupeiro, gaita

A crecente demanda de música de salón para o público burgués da segunda metade do século XVIII en España atopou unha case inexistente oferta de impresores nacionais, pois a maior parte das edicións eran foráneas. Coa chegada ao trono de Carlos III en 1759, no contexto do chamado majismo, téndense a substituír os aires e as danzas de orixe estranxeira por outras con marcado carácter hispano que, naturalmente, non podían fornecer os editores foráneos. Apareceu entón unha verdadeira industria artesanal, de copia manuscrita de música, que tentaba encher o oco que non daban cuberto os escasos editores existentes; copias feitas en sinxelos pregos que se podían demandar directamente do músico profesional na súa casa ou mercar nas tendas de música. Moitas destas copias manuscritas desapareceron ou permanecen ignoradas en arquivos públicos e privados. O programa de concerto xira precisamente arredor destas músicas. Trátase das pezas para piano só ou voz e piano copiadas polo músico alemán Antonio Krause, que residía en Madrid, e que se atopan no Arquivo Provincial de

Ourense, así como de tres pezas de música galega para fortepiano, copiadas polo que foi organista e mestre de capela da colexiata da Coruña, Diego Antonio Machado, na actualidade na Biblioteca Nacional. Completarán este repertorio outras pezas da época, tanto para instrumento solista como para voz e piano.

O programa será interpretado polo pianista Alejo Amoedo, personalidade comprometida coa música e cos músicos de Galicia nunha tripla vertente, como intérprete, como apaixonado coleccionista de testemuños da memoria musical galega e como estudoso de obras e autores que teñen como referencia a Galicia. Canda el, a cantante lírica e integrante do grupo Doa, Susana de Lorenzo, e o polifacético Abraham Cupeiro, recrearán músicas esquecidas en antigos pregos e rescatadas e transcritas para a ocasión polo músico e investigador Andrés Díaz Pazos.

alejopianista.wordpress.com

>> Visita guiada polo Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Arquivo de Ourense

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Mércores 11 de outubro >> 19.00 h



Nesta xornada, como aperitivo ao concerto que terá lugar no Salón Nobre do Liceo de Ourense, teremos a oportunidade de facer unha pequena visita guiada ao Arquivo Histórico Provincial. Alí poderemos ver os orixinais manuscritos de dúas obras inéditas, da segunda metade do século XVIII, que foron recuperadas e transcritas por encargo do festival para seren interpretadas durante o posterior concerto. As obras foron compostas por Antonio Krause, un capelán de Bohemia (na actualidade, parte da República Checa), e consérvanse nun atado, de orixe descoñecida, xunto a diversas partituras e outros documentos. Krause dicíase discípulo do mesmo Haydn, daquela o músico europeo de moda, o que entra dentro do plausible tendo en conta as datas nas que viviu e a súa procedencia. Así e todo, o máis interesante neste caso é que o arquivo conserva as dúas únicas copias, que saibamos, destas pezas, que foron anunciadas polo autor para a súa venda na *Gaceta de Madrid*.

Ademais, faremos unha visita xeral para coñecer o arquivo e faremos fincapé nos elementos musicais que custodia.

Hora e lugar: 19.00 h, na sede do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, rúa Hernán Cortés, n.º 2
Capacidade máxima: 40 persoas
Inscripción: do 30 de setembro ao 10 de outubro, en actividades@espazossonoros.org

Austrian Baroque Company ...///

Igrexa de Santa María

Domingo 15 de outubro >> 20.00 h

CLAUSURA

AUSTRIA IMPERIALIS

MÚSICA INSTRUMENTAL VIRTUOSA DA CORTE DOS
HABSBURGO

Florian Hasenburger, violín barroco

Wolfgang Heiler, fagot barroco

Daniel Oman, guitarra barroca

Martina Schobersberger, clave

Michael Oman, frautas de bico e dirección

abcmusic.at

Obras de Bertali, Mealli, Schmelzer, Biber e
Froberger, entre outros

A Austrian Baroque Company é unha formación de cámara austríaca de renome internacional especializada na interpretación de música instrumental e vocal europea dos séculos XVI a XVIII. Conformado por nomeados especialistas formados nas máis prestixiosas universidades de Europa, os seus programas tentan subtraer a música da súa retórica tradicional para lle transmitir ao público toda a súa emoción. Nestas tarefas destaca a carismática presenza do seu director, o virtuoso frautista Michael Oman. Desde a súa formación, en 2001, o grupo protagonizou concertos nas máis importantes salas e festivais internacionais de Europa, América e Asia, cun estilo persoal e inconfundible caracterizado por unha extrema viveza e emocionalidade que

non deixa indiferentes os oíntes e que os levou, ao longo das dúas últimas décadas, a converterse nun dos referentes do panorama musical austríaco e a conquistar a escena musical internacional.

Con eles emprenderemos unha viaxe desde a Viena imperial do Kaiser Leopold I, ata Innsbruck, planeando sobre os cumes dos Alpes e botando unha ollada cara ao sur no outono dun Barroco que se comeza a sentir coa morte, en Viena, dun empobrecido e esquecido Antonio Vivaldi. Pequenas alfaías e saborosas exquisiteces musicais intemporais dunha incipiente “Unión Europa, arredor do 1700” que o Austrian Baroque Company rememora con toda a emoción e virtuosismo dos seus intérpretes.





Espazos sonoros

Espazos... 2017 >>

www.espazossonoros.org

Igrexa de Santa María de Mezonzo

Vilasantar (A Coruña)

Sábado 2 de setembro, 20.00 h >> Marco e Angela Ambrosini e Eva-Maria Rusche


Coñece o teu patrimonio: ás 11 h, xornada en Vilasantar

CONCERTO INAUGURAL

A actual igrexa parroquial de Santa María de Mezonzo é o resto que nos queda dun antigo mosteiro que había no lugar. Data do século XII e substituíu unha máis antiga, xa que as noticias da existencia deste mosteiro son moi anteriores. É probable que as súas raíces afonden ata o século VII, durante a época visigoda, atendendo a algúns capiteis desa época aproveitados na fachada e na pía de auga bendita. As primeiras noticias documentais del, xa no século IX, infórmanos de que se trataba dun mosteiro dúplice familiar. Neste tipo de cenobios, que abundaron na Península Ibérica, convivían baixo unha mesma regra, e baixo o mando unificado dun abade, mulleres e homes que, ademais, tiñan vínculos familiares entre eles. Tratábase normalmente de familias das clases altas da zona que doaban parte dos seus bens para que a congregación puidese iniciar a vida monacal. No ano 870, o rei Afonso III dóallo ao abade Reterico, xunto coa vila de Mezonzo e, no ano 871, o sobriño deste, Fulgaredo, herdou o mosteiro familiar. O cargo de abade no mosteiro foi pasando de tíos a sobriños, dado o seu carácter familiar, ata o 30 de marzo do ano 955, data na que pasa ao bispo compostelán Sisnando. Este fundará o próximo mosteiro de Sobrado o 30 de decembro, e entre os seus bens estará Santa María de Mezonzo. Nos

seguintes séculos, debeu de seguir dependendo como priorado do mosteiro de Sobrado, aínda que non se sabe se había alí aínda unha comunidade monástica independente. De feito, as relacións con Sobrado durante o último tramo da Idade Media non están moi claras, pois no ano 1517 aparece como un priorado de San Martiño Pinario.

A igrexa é un bonito exemplo do Románico, con tres naves rematadas en tres ábsidas semicirculares. En parte, quedou sen finalizar e, nas naves laterais, pódense apreciar os arranques dunhas bóvedas que quedaron sen facer. A cabeceira, pola parte exterior, é do máis interesante do templo, xa que ten unha decoración bastante rica; así, as ventás da ábsida central e as dúas laterais teñen columniñas decoradas e enmarcadas por un motivo axadrezado. No interior, as columnas da igrexa son relativamente simples e os capiteis teñen follas estilizadas. Non hai figuras, salvo nun capitel situado entre a capela maior e a capela sur, na que se poden ver uns leóns. Sen dúbida, o máis famoso monxe do mosteiro foi o abade e bispo San Pedro de Mezonzo, a quen se lle atribúe o himno da Salve, que viviu alí entre os anos 948 e 958, e logo pasou a Sobrado, onde exercería como abade.



Santa María de Sobrado dos Monxes

Sobrado dos Monxes (A Coruña)

Domingo 3 de setembro, 16.30 h >> Obradoiro de achegamento á música antiga

Coñece o teu patrimonio: ás 15.30 h, visita guiada

Na terra de Melide, no extremo oriental da provincia da Coruña, sitúase un dos mosteiros máis imponentes e relevantes de Galicia, o mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado, máis popularmente coñecido como Sobrado dos Monxes. Foi fundado como mosteiro dúplice, de monxes e monxas, probablemente no ano 952, polos condes de Prósar e aparece en documentos do século X, baixo a advocación de san Salvador. No entanto, a continuación, sufriría un longo período de abandono duns cento cincuenta anos, ata a súa refundación en 1142, cando san Bernardo envía desde Claraval, en Francia, unha comunidade de monxes. Ao longo dos séculos XII e XIII, o mosteiro coñecerá unha nova época de esplendor, pero logo virá outra etapa de decadencia, que se alongaría ata o 1498, data na que o mosteiro é incorporado á congregación de San Bernardo de Castela da orde do Císter. A maior parte da construción do edificio que chegou ata os nosos días procede dese tempo de florecemento. Así, por exemplo, a súa magnífica igrexa foi rematada cara a finais do século XVII e consagrada en 1708.

E, proseguindo coa súa historia de marcados contrastes, Sobrado padecerá unha nova etapa de fonda decadencia que chega ao seu momento

máis crítico en 1834 cando, pola desamortización, o mosteiro é suprimido por orde real. Os seus edificios son vendidos e a degradación paulatina do conxunto leva o mosteiro a un estado de auténtica ruína, ata que en 1854 é rehabilitado por encargo do cardeal Quiroga Palacios. En 1966, envíase ata alí unha nova comunidade de monxes, o que supón o reinicio da vida do Císter.

A fachada do mosteiro, flanqueada por dúas torres, é de estilo barroco. Ao conxunto accédese por medio dunha porta. Sobre o seu lintel preséntase unha fornella cunha imaxe da Virxe, abeirada por un dobre par de columnas salomónicas. Do antigo cenobio só se conservan a sala capitular, a capela funeraria da Magdalena e outros elementos soltos. O complexo monacal acolle, ademais da fermosa igrexa barroca xa citada, de cruz latina con brazo maior e tres naves, e das dependencias monacais, tres magníficos claustros: o de entrada ou dos Peregrinos, o procesional ou dos Medallóns e o da comunidade, o maior de todos. Á sala capitular, onde terá lugar o obradoiro de achegamento á música antiga, accédese desde o claustro procesional a través dunha estrutura de estilo románico e cuxa estancia dispón dunha fermosa bóveda de crucería.



Santa Mariña de Sela

Arbo (Pontevedra)

Sábado 9 de setembro, 20.00 h >> Favola d'Argo

Coñece o teu patrimonio: ás 15 h, ruta pola contorna de Santa Mariña de Sela

A igrexa de Santa Mariña, na parroquia de Sela, pertencente ao concello de Arbo, é unha pequena igrexa barroca que goza dunha situación privilexiada á beira do río Miño. Os tres ríos que bañan a vila —o Deva, o Cea e o Miño— achegan un microclima amable que favorece o cultivo da vide e a produción de viños da subzona da denominación de orixe Rías Baixas chamada Condado do Tea. Na mesma parroquia, preto da praia fluvial, atópase unha fonte de augas mineiro-medicinais que foi explotada comercialmente a principios do século XX. As augas foron analizadas daquela polo catedrático de medicina compostelán, Miguel Gil Casares, neto do que fora catedrático de Química e reitor, Antonio Casares, un dos introdutores das modernas técnicas espectroscópicas na análise das augas medicinais no Estado. Nesa mesma zona, podemos atopar tamén unhas pesqueiras para a captura da lamprea, unha especie apreciada xa polos romanos e aínda de moita sona en Arbo.

A igrexa parroquial, como indica unha inscrición que se estende polas paredes laterais, foi construída por encargo do abade Baltasar de Puga e Novoa a finais do século XVII: “ESTA CAPILLA CORO SACRISTIA ICO A SU COTA D. ALTHASAR DE PUGA I NOBOA ABD ANO 1683”. Nela, destacan as pinturas murais

que cobren a totalidade da bóveda de canón a partir da cornixa de pedra que rodea o presbiterio. Estas representan, en 15 escenas, o ciclo da Paixón de Xesús Cristo característico do século XVIII e o estilo das pinturas pódese considerar popular. As distintas escenas distribúense en tres rúas: unha central con tres escenas, a Santa Cea, a Oración no Horto e o Bico de Xudas; e dúas laterais que desenvolven, cada unha, seis escenas relativas ao Calvario, á Paixón e á Resurrección. Aparece aquí tamén o escudo dos Puga e Novoa, promotores da igrexa, heráldica que se repite no Pazo Casa Grande de Sela, situado a carón da igrexa. Non se teñen datos sobre o autor destas pinturas, que podería ser un artista de orixe portuguesa.

As pinturas foron recentemente restauradas grazas a unha iniciativa popular dos veciños e veciñas da parroquia, que foi apoiada pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.



Mosteiro de Santa María de Montederramo

Montederramo (Ourense)

Sábado 16 de setembro, 19.00 h >> Xavier Díaz-Latorre

Coñece o teu patrimonio: ás 12.30 h, ruta do Bidueiral de Gabín

A harmoniosa paisaxe de bocaribeiras e socalcos que nos ofrece a Ribeira Sacra ourensá desprega un mapa único de mosteiros que, desde a Alta Idade Media, foron agromando naquelas terras, ao longo das beiras dos seus ríos. Entre eles, hai que salientar o mosteiro de Santa María de Montederramo, situado cabo da serra de San Mamede e ao pé do río Mao.

A orixe do mosteiro é algo confusa. Algunhas fontes afirman que se remonta a unha construción do século X situada noutro lugar, concretamente un mosteiro adscrito á orde bieita, nomeado nalgúns noticias como mosteiro de San Xoán Vello. No entanto, moitos autores non lles dan credibilidade ás referidas fontes e apuntan como primeira referencia histórica fidedigna unha de 1142, cando o rei Afonso VII lle pide a san Bernardo que lle envíe monxes para implantar a reforma do Cister en varios mosteiros de Ourense, entre eles, o de Montederramo, cuxas obras rematarían cara ao ano 1163. A partir de aí, e durante todo o século XIII, o mosteiro beneficiouse dunha cumprida serie de doazóns e privilexios concedidos pola monarquía. En 1587, despois de unirse á congregación cisterciense de Castela, foi instalado no mosteiro un importante

centro de estudos artísticos e filosóficos, e este esplendor permitiulle levar adiante significativas obras de mellora, como a nova igrexa. A desamortización exclaustrou os monxes e o mosteiro pasou a ser propiedade privada dalgúns veciños. Porén, co tempo, o conxunto avanzou de maneira irremediable cara a unha situación ruínosa.

O conxunto do mosteiro de Santa María de Montederramo é un dos principais representantes do estilo renacentista en Galicia. As súas dependencias conservan dous fermosos claustros, o da Portería ou Hospedería, plenamente renacentista, e o máis antigo, o Procesional, que combina elementos tardogóticos con outros de estilo manuelino portugués e renacentista. En canto á igrexa, a orixinal tardorrománica do século XII foi completamente substituída por outra en 1598, segundo o proxecto de Juan de Tolosa, nun estilo que lembra o herreriano. Destacan nela unha serie de valiosos retablos, un espléndido cadeirado barroco no coro alto e unha monumental escaleira abacial, así como a sancristía. Ata hai pouco, o edificio albergou un centro de educación primaria que hoxe en día pertence ao Concello. A parte de titularidade privada rehabilitouse para vivenda e tamén se lle dá un uso hostaleiro.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia promoveu a redacción do plan director do conxunto (igrexa e mosteiro), concluído este ano, que describe o estado de conservación actual do ben e define as liñas de actuación de cara ao futuro para a súa conservación e desenvolvemento sustentable, de xeito que resulte compatible cos seus valores culturais e de identidade. Ao abeiro desta planificación, executáronse en 2016 unha serie de actuacións consideradas urxentes, como a instalación de liñas de vida nas cubertas para garantir os traballos de mantemento con seguridade, a incorporación de dúas escaleiras metálicas exteriores para o acceso ás cubertas da igrexa e ao ciborio, a eliminación de vexetación nos muros e cubertas, a consolidación dos beirados e a incorporación de placas de fibrocemento baixo a tella, a impermeabilización de cumios e limas, así como da fábrica de pedra da cupuliña, do canlón perimétrico e dos encontros da cuberta do ciborio.



Castelo de Pambre

Palas de Rei (Lugo)

Domingo 17 de setembro, 19.00 h >> Samuel Diz

Coñece o teu patrimonio: ás 17.30 h, visita guiada

Nas fermosas terras da comarca da Ulloa, ao norte da parroquia de Pambre, no lugar da Torre, atópase esta edificación medieval coñecida como castelo de Pambre. Situada sobre penedos á beira do río que leva o mesmo nome e que fan as funcións de defensa natural, esta construción é unha fortaleza militar erixida a finais do século XIV por don Gonzalo Ozores de Ulloa. Accédese a ela por un arco que mostra precisamente o escudo de armas dos Ulloa. Dentro do seu recinto, presidido por unha gran torre de homenaxe de estilo normando e rodeada por outras catro nos ángulos da muralla, aínda podemos atopar unha gran casa, un hórreo sostido por cinco piares e unha capela, construída no século XII en estilo románico e que serviu como igrexa parroquial baixo a advocación de san Pedro.

O castelo de Pambre, que é das poucas fortalezas galegas que sobreviviron ao trebón das guerras irmandiñas, daba agocho aos peregrinos que ían cara a Santiago de Compostela. Así mesmo, foi escenario de importantes e convulsos acontecementos históricos; primeiro, os das loitas dinásticas entre Pedro I e Henrique de Trastámara e, máis tarde, os das disputas entre don Alonso de Fonseca, arcebispo de Santiago, e a nobreza. En 1484, pasou a mans dos condes de Monterrei e, co tempo e coa decadencia do Camiño de Santiago, acabou con-

vertido en núcleo de produción agropecuaria, tal e o como confirma un documento de aforamento a perpetuidade á familia Moreiras do ano 1702, que describe o estado de ruína da construción principal. Xa no século XX, a propiedade pasa a Manuel Taboada Fernández, conde de Borraxeiros, que a pecha e afunde nun completo abandono.

O castelo de Pambre serviu tamén como materia literaria da célebre novela histórica do mesmo nome que, en 1895, escribiu Antonio López Ferreiro, escritor, historiador e cónego da catedral de Santiago. Nesta obra, o seu autor entrelaza os feitos históricos do conflito nobiliario entre Gonzalo Ozores de Ulloa e outros nobres, partidarios da casa de Trastámara, cunha historia de contido amoroso.

En 2012, a Xunta de Galicia adquiriu a propiedade do castelo e dos terreos adxacentes e comezou a rehabilitación do espazo. As intervencións incluíron excavacións arqueolóxicas, a recuperación das estruturas murais, a mellora do acceso ás principais zonas da fortificación, a reconstrución do hórreo e a incorporación de elementos de seguridade para a visita. Tamén se dotou o edificio dun centro de interpretación e dun circuito sinalizado que facilita a comprensión do inmovible.



Os fornos da Pontenova

A Pontenova (Lugo)

Sábado 23 de setembro, 19.00 h >> Xesús Vaamonde e Xosé Lois Romero

Coñece o teu patrimonio: ás 12 h, ruta do antigo ferrocarril

Cara ás terras da chamada Galicia irredenta, no límite do nordeste da provincia de Lugo, atópase o concello da Pontenova. O lugar, situado nun espazo de vizosos vales pertencentes á reserva da biosfera do río Eo, Oscos e Terras de Burón, está bañado polos ríos Eo, Turia, Bogo e Riotorto, e é precisamente esa riqueza fluvial a que fai que A Pontenova estea tan directamente vinculada á cultura da pesca e aos diversos usos industriais da auga. Mais hai outro elemento que está no cerne mesmo da historia económica e cultural deste concello: o mineral de ferro. De feito, sabemos que, xa na Alta Idade Media, se produciu o desenvolvemento dunha industria mineira na zona, pois os monxes que se estableceron alí precisaban do ferro para a construción dos seus mosteiros.

Outra evidencia deste pasado de florecemento mineiro e industrial son os chamados fornos da Pontenova. En 1895, o industrial vasco Julio Lazúrtegui crea en Bilbao a Sociedad Minera de Vilaodríz, coa finalidade da explotar o mineral dese concello lucense. A extracción do ferro facíase en galerías polo interior das montañas a 90 metros de profundidade. Posteriormente, procesábase para extraer del o óxido férrico, para o que era preciso un proceso de calcinación que permitía eliminar os residuos fosfóricos do ferro e empregalos como fertilizantes, un proceso no que se empregaban unhas chemineas troncocónicas de 11 metros de altura e 4 de ancho. O primeiro forno

da Pontenova, construído con tixolos da Real Fábrica de Sargadelos, data do ano 1902. A este seguironlle outros en anos sucesivos, ata completar un total de cinco.

Para o transporte do mineral construíuse en 1902 un ferrocarril de vía estreita que unía as minas co porto de Ribadeo e que, pouco tempo despois, ampliárase ao seu servizo tamén ao transporte público de viaxeiros. Cara a finais dese mesmo ano, extraíanse xa unhas dúas mil toneladas de ferro, e iniciábase a comercialización deste con Alemaña, Francia, Bélxica e Inglaterra. Co estoupido da I Guerra Mundial, o mercado alemán péchase e o inglés presenta igualmente problemas, o que obrigaría a paralizar os labores nas minas. Posteriormente, volveu extraerse mineral, pero xa non se acadaría a produción de anos anteriores. Durante a Guerra Civil, a mina funcionou á metade das súas capacidades, ata que os fornos deixaron de funcionar por falta de carbón. En 1938, o grupo alemán Krupp-Montana ocupábase da explotación das minas e do ferrocarril. A actividade proseguíu ata a década dos cincuenta e o ferrocarril deixou de funcionar no ano 1964. No entanto, os cinco fornos de calcinación permanecen aínda en pé, como testemuño vivo dun pasado de desenvolvemento económico, unha pequena revolución industrial na que chegaron a participar na altura máis de 1000 mineiros.



Igrexa de Santa María de Godos

Caldas de Reis (Pontevedra)

Sábado 30 de setembro, 20.00 h >> Manseliña

Coñece o teu patrimonio: ás 17 h, visita ao obradoiro de campás Ocampo

A igrexa de Santa María de Godos é unha pequena igrexa barroca situada no municipio de Caldas de Reis, nun pequeno promontorio sobre un fermoso val regado polo río Umia. Trátase dunha zona fortemente humanizada desde hai séculos, como indica a presenza de abondosos restos arqueolóxicos de orixe castrexa. Por outra banda, non hai que esquecer a importancia estratéxica que tivo este enclave nas primeiras décadas da nosa era, na que os romanos construíron a *mansio* de *Aqvis Celenis*, na Vía XIX, que unía a actual Braga con Astorga. Ao pé da igrexa parroquial, transcorría en tempos a liña de ferrocarril que unía Carril con Pontevedra, hoxe desmantelada, pero da que aínda se conserva a traza. O toponímico “Godos” parece ser de procedencia xermánica, en clara alusión á presenza dos suevos na zona.

Aínda que a orixe da igrexa parroquial non a coñecemos con detalle, boa parte do seu actual aspecto débese a unha intervención feita no ano 1715. Daquela, a dona do curato, dona Xoana de Ulla e Lemos, como patrona responsable da igrexa, decide ampliála e constrúe de novo a capela maior e o coro, despois de solicitar permiso ao provisor do arcebispado de Santiago, quen lle aseguraría que “en ello el cura ni otra persona alguna no le ponga embarazo ni ympedimento alguno”. O adxudicatario da obra,

en poxa pública á baixa, foi Carlos da Riva, natural de San Salvador de Xirazga, concello de Beariz, en Terra de Montes. Comprometeuse a facer a obra en 14.500 reais e rematara, segundo indicara o provisor, para setembro de 1715. En decembro dese mesmo ano estaba rematada, o que sabemos por unha carta asinada por Carlos da Riva, na que se daba por satisfeito dos pagos convidados con Xoana de Ulla, incluído o extra de 150 reais “prozedidos de el letrero o rotulo que de su horden a puesto y auuerto en dicha Capilla mayor en donde se esplica quien la mando hazer”.

A igrexa, de planta sinxela, dunha soa nave cunha capela lateral, é unha boa mostra do oficio e excelente facer dos canteiros galegos. Posúe un fermoso campanario barroco, que debeu ser engadido con posterioridade, do que penduran dúas campás fabricadas no taller de fundición da familia Ocampo, de Arcos da Condesa, o único desta natureza existente en Galicia e que desde o século XVII vén exercendo ininterrompidamente de maneira artesanal este oficio. Na igrexa de Santa María de Godos, aínda se practican diferentes toques de campás para avisar as xentes dos diversos acontecementos na parroquia ou para chamar á misa.



Igrexa de San Salvador

Lourenzá (Lugo)

Sábado 7 de outubro, 17.30 h >> Pablo Seoane

Coñece o teu patrimonio: ás 10.45 h, roldas pola paisaxe organística galega


O mosteiro de Vilanova de Lourenzá probablemente teña as súas raíces, coma tantos outros en Galicia, na vida cenobítica das últimas centurias do primeiro milenio. As primeiras noticias documentais remóntanse á carta fundacional do ano 969, feita polo conde Osorio Gutiérrez, quen recibira de seu pai en herdanza importantes posesións no bispado de Mondoñedo, que cedeu ao mosteiro. O documento fundacional é moi similar ao que san Rosendo outorgara en Celanova, que se pode deber ao feito de que este e Osorio Gutiérrez eran curmáns. O mosteiro adscribiuse á regra de San Bieito e o propio conde, tras enviuvuar, ingresará nel; xa ancián, viaxará a Terra Santa de onde, di a tradición, traerá o seu propio sepulcro de mármore, que aínda se conserva na capela da Nosa Señora de Valdeflores co nome de sarcófago do Conde Santo, e hai que dicir que constitúe unha das máis prezadas pezas do mosteiro. Sobre este sarcófago existe unha lenda similar á de Santiago, que di que o conde o depositou no mar e que volveu nel ata as costas de Galicia. Por esta razón, desenvolveríase ao seu redor unha tradición protectora e de peregrinación. Debido á xenerosa dotación deixada polo Conde Santo, o mosteiro tivo numerosos preitos cos seus descendentes, que reclamaban parte da herdanza. Por este motivo, a

súa historia durante a Idade Media foi bastante re-volta; de feito, producíronse intervencións ás veces drásticas dos poderosos da zona. E foi notable a de Rui Gómez Bolaño, que mesmo entrou con xente armada no mosteiro e destruíu parte da súa documentación para que non puidesen reclamar os bens que lle usurpara.

Coa súa entrada na congregación bieita de Valladolid, en 1505, a vida normalizouse en Lourenzá, e converteuse no maior mosteiro do norte de Galicia. Convén salientar que no ano 1518 incorporou como priorado o mosteiro de San Martiño de Xubia, no fondo da ría de Ferrol. A partir do século XVII, comezan as obras arquitectónicas que lle confiren ao mosteiro a súa fisionomía actual. Juan de Villanueva construírá, entre 1637 e 1650, o claustro maior e a nova igrexa iniciase en 1735, de acordo co deseño dun monxe de Samos, Juan Vázquez, que despois modificará Fernando de Casas y Novoa. Este arquitecto é o responsable do deseño da fachada, que se considera un ensaio do que logo será a fachada do Obradoiro da catedral compostelá. O retablo maior da igrexa é traza do académico Ventura Rodríguez, en estilo neoclásico, que remata o pintor Juan Bernardo del Río en 1789.

O mosteiro quedou abandonado despois da desamortización de 1835. Sufriu, amais do desmantelamento da súa biblioteca, un incendio en 1878 que afectou o claustro principal. No ano 1910, unha comunidade de monxes de Samos fundou nel un priorado independente e restauraron a parte que fora queimada. Coa supresión deste tipo de priorados, en 1942 o mosteiro quedou de novo abandonado e pasou a depender do bispado de Mondoñedo, que instalou un seminario menor ata 1970.

Na actualidade, parte do claustro é ocupado polas dependencias do concello de Lourenzá. A igrexa garda dous impresionantes órganos barrocos en caixas xemelgas, construídos entre 1762 e 1765, e que se atopan no seu estado orixinal. Un deles, o pequeno, que nunca foi electrificado, conserva a práctica totalidade do material orixinal no seu interior. O outro, a pesar do inexorable paso do tempo, aínda é quen de amosar o seu nobre e impresionante son.



Liceo de Ourense

Ourense

Mércores 11 de outubro, 20.30 h >> Alejo Amoedo e Susana de Lorenzo

Coñece o teu patrimonio: ás 19 h, visita guiada polo Arquivo Histórico Provincial de Ourense

O edificio, situado no centro histórico da cidade das Burgas, na rúa Lamas Carvajal, a escasos pasos da praza de Santa Eufemia, ocupa o predio do que foi pazo dos Oca Valladares. A construción do pazo comezouse, por encargo de Álvaro de Oca y Deza, en 1522 e a súa feitura correspóndese cun estilo gótico-renacentista. A fachada remataríase en 1583 e, nela, pódense contemplar os brasóns da familia fundadora arredor do balcón central. O edificio sufriu reformas posteriores, como a que deu lugar ao Patio de Columnas de 1884, con oito pinturas murais de corte romancista e costumista. No século XIX, o pazo foi abandonado e recuperouse para a cidade ao trasladar alí o Liceo Recreo de Artesáns de Ourense, en 1850. Desta institución foron socios persoeiros da altura de Lamas Carvajal e Curros Enríquez e, no seu salón de festas, tocou Isaac Albéniz en 1874.

O edificio foi declarado ben de interese cultural en 2002 e a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia realizou nel unha serie de intervencións de rehabilitación e restauración, tanto do Patio de Columnas coma do Salón Nobre, a última delas rematada en 2012. Nesta intervención, e co obxec-

to de acondicionar e de pór en valor estes dous espazos, restauráronse as carpinterías, fixéronse traballos de pintura e vernizado, recuperouse o zócolo de madeira existente, axeiouse o falso teito, substituíronse as carpinterías de acceso á terraza e acondicionouse o escenario no que hoxe terá lugar o concerto.




Foto: Francisco Sandoval

Igrexa de Santa María

Baiona (Pontevedra)

Domingo 15 de outubro, 20.00 h >> Austrian Baroque Company

Esta igrexa de aspecto fortificado pertence ao Románico de transición, tamén chamado oxival, con influencias cistercienses. Disque no século XII existía xa un templo nesa localización que, por un privilexio de 1137 de Afonso VI, pasou a depender do mosteiro de Santa María de Oia, que pertencía á orde do Císter. Ese templo sería substituído por outro, cuxas obras comezaron a finais do século XII ou comezos do XIII e remataron no último terzo do século XIII.

A igrexa presenta planta basilical con tres naves de seis tramos e ábsidas rectangulares, a central de maiores dimensións, cubertas con bóveda de canón apuntada. Nas naves reconstruíuse o teito de madeira. A fachada occidental dispón de tres rúas delimitadas por dous contrafortes. A rúa central dispón dunha portada e dun sinxelo rosetón. A porta da fachada presenta un tímpano liso, tres pares de columnas e arquivoltas.

Foi instituída en colexiata a finais do século XV por desexo do bispo de Tui, Diego de Muros, e tivo esta consideración ata a súa desamortización en 1850.

A colexiata tiña doce racións, das cales dúas, por oposición, eran para o oficio de organista e cantor, e outra aplicábase a catro nenos de coro. Sabemos que no ano 1515 había xa na colexiata un órgano construído por Juan de Entenza que, nesas datas, estaba a facer outro para a catedral de Tui. Con posterioridade, en 1791, o organeiro compostelán José Benito González de Seixas vai construír un novo, que será o que sobreviva ata o século XX, cando o órgano e mais o coro foron retirados da nave central.





Empresas e entidades colaboradoras... >>



Espazos

para unha arquitectura sostible



hammerer.co

Godello MARA MOURA

MONTERREI
DENOMINACIÓN DE ORIXE

“G Galicia, terra mítica, agocha seres fantásticos e máxicos. Conta a lenda que a moura Mara e o seu namorado se asentaron na vila de Medeiros. Tan voraz era a moura, que a vila morría de fame. Os habitantes, sen folgos, armáronse de valor e explicáronlle que non podían mantela por máis tempo. Sendo de xustiza, a moura e o seu namorado marcharon da vila. Agradecida pola hospitalidade das súas xentes, fíxolles un gran agasallo: deulles a vide para cultivaren o viño”



Descubre BAIONA



Fascinante!
www.turismodebaiona.com



CONCELLO
DE BAIONA



Ribeira Sacra

CONSORCIO DE TURISMO



Centro de Formación de
Tecnoloxías Apple



Authorised
Training Centre



www.acmegalicia.com

ACME Galicia é o centro de formación Autorizado Apple onde podes realizar todo tipo de cursos sobre informática e novas tecnoloxías, nomeadamente de **iPhone, iPad e Mac**.

Ademais está dispoñíbel unha **programación anual de Masters e Cursos de deseño gráfico, web, ilustración, fotografía, vídeo, animación, son e imaxe corporativa** que che permitirán acadar un nivel profesional no ámbito creativo e publicitario.

RS

el sabor de un paisaje



BUSCA AS NOSAS PRECINTAS DE GARANTÍA

Ribeira Sacra

Consello Regulador Denominación de Orixe

● www.ribeirasacra.org ●



Colaboran... >>



CONCELLO DE
VILASANTAR



CONCELLO DA
PONTENOVA



CONCELLO
DE ARBO



CONCELLO DE
LOURENZÁ



CONCELLO DE
MONTEDERRAMO



CONCELLO DE
PALAS DE REI



CONCELLO
DE BAIONA



CONCELLO DE
CALDAS DE REIS



El Liceo de Ourense

Órganos de Galicia
CATALOGACIÓN E DIFUSIÓN
DO PATRIMONIO ORGANÍSTICO DE GALICIA



E tamén o noso agradecemento a...

- > D. Alfonso Besada Paraje, párroco de Santa Mariña de Sela
- > D. Manuel Escariz Magariños, cóengo da catedral de Mondoñedo
- > D. Miguel Estalote Gómez, párroco de Santa María de Mezonzo
- > D. Uxío García Amor, párroco de Santa María de Vilalba
- > D. Xosé Miguélez Díaz, párroco de San Salvador de Lourenzá
- > Comunidade Cisterciense de Santa María de Sobrado
- > Parroquia de Santa María de Godos
- > Asociación Deportiva e Cultural de Santa María de Godos
- > Obradoiro de fundición de campás da familia Ocampo
- > Asociación Cultural Millo e Landras
- > Instituto de Estudos Ulloáns
- > Movemento veciñal para a restauración das pinturas murais de Sela
- > Asociación de Mosteiros do Císter de Galicia (Acigal)
- > Arquivo Histórico Provincial de Ourense
- > Museo do Pobo Galego
- > María Giménez Fernández
- > Adoración Ares Piñol
- > Ass.-Prof. Dr. Peter Jordan

**Espazos
sonoros**

galicia



XUNTA
DE GALICIA